



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 02.08.2018

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.04 h do 02.08.2018, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Ana María Novo Picos, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María Carmen Martínez Rodríguez

Abandonan a sesión ás 19:11, durante o punto 7º da orde do día, o/as concelleiro/as María Carmen Martínez Rodríguez, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá e María Manuela Aguilar Prieto

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

María Teresa Diz Alonso

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 01.03.2018 e da sesión extraordinaria do 06.04.2018

A voceira do grupo do PP, Rocío Bértoa, manifesta que a postura do seu grupo con respecto a se se debe ou non someter a votación a aprobación das actas é a mesma que a expresada e recollida na acta do Pleno do 1 de marzo de 2018.

Ao non haber ningunha obxección, quedan aprobadas as actas da sesión ordinaria do 01.03.2018 e da sesión extraordinaria do 06.04.2018.

2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende o núm. 768/2018 ao núm. 937/2018

Os concelleiros danse por informados.

3. Aprobación, se procede, da proposta da alcaldía de rectificación do inventario municipal, expte 2018/X999/0000610

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 23.07.2018 pola unanimidade de todos os seus membros:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Rectificación do inventario municipal

Na pasada sesión plenaria do 06.04.2017 acordouse rectificar os asentos 37 e 38 do inventario de bens municipais relativo aos locais municipais no Castro e introducir o asento 47 (rectificado posteriormente en sesión do 06.07.2017) coa finalidade de proceder á depuración física e xurídica dos locais no Castro e posteriormente proceder a permutar o local 3 propiedade do Concello (asento 47) co local 1A propiedade do IGVS.



Por Resolución da alcaldía 501/2017 do 11 de maio acordouse a permuta dos locais 3 e 1A formalizándose en escritura pública do 04.10.2017 núm. de protocolo 681 outorgada ante o notario de Fene Luis Bosch Segura, constando os bens inscritos no Rexistro da Propiedade a nome dos actuais titulares.

A secretaria municipal emitiu un informe núm. 72/2018 do 9 de xullo que di:

“1.-Segundo o artigo 17 do RD 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais (RBEL) as Corporacións Locais están obrigadas a formar inventario de todos os seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza e forma de adquisición, obriga que tamén aparece recollida no artigo 32 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), en cuxo artigo 28 se establece a obriga das Administracións Públicas de protexer e defender o seu patrimonio procurando a súa inscrición rexistral.

Os artigos 18 a 30 RBEL determinan os datos a consignar no inventario e a súa xestión.

O artigo 33.1 da citada norma regula a rectificación anual do inventario, na cal se deberán reflectir as vicisitudes de toda índole durante esa etapa, rectificación que, en todo caso, non impide as posibles rectificacións ás que se poida proceder mediante acordos puntuais.

2.-O inventario debe ser autorizado polo secretario da Corporación co visto bo da alcaldía, debendo ser enviada unha copia do mesmo e as súas retificacións á Admón. xeral e autonómica.

3.-É competencia plenaria a aprobación do inventario formado, da súa retificación e comprobación como dispón o artigo 34 do RBEL, debendo o acordo ser adoptado por maioría simple (art. 47.1 LBRL).

4.-Conforme aos antecedentes citados procede facer as seguintes rectificacións no **Epígrafe 1º Bens Inmóbles, Grupo 1**, actualizando os datos referidos aos locais en “O Castro”:

A) Rectificar o asento 38 do seguinte xeito:

● **Asento 38:**

NOME DO BEN: Local núm. 1 en “O Castro”

NATUREZA DO DOMINIO: patrimonial

ADQUISICIÓN, TÍTULO: escritura núm. 905 de cesión gratuíta de 08.11.1994

SUPERF. CONST.: 83,03 m2

SUPERF. PARCELA/VIAL: 83,03 m2

VALOR: 40.513,65 €

HISTORIA/CARACTERÍSTICAS/DESCRICIÓN:

O local contaba inicialmente con 317,22 m2. Mediante escritura núm. 110 do 30.01.2002 procedeuse á segregación deste local en 2: o local 1-A con 234,19 m2 e o local 1 con 83,03 m2.

O local 1A foi permutado polo local núm. 3 de 234,19 m2 propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo na mesma escritura núm. 110 do 30.01.2002.

Posteriormente en escritura pública núm. 681 do 04.10.2017 o local 3 foi permutado co Instituto Galego da Vivenda e Solo polo local 1A.

B) Dar de baixa o asento 47:

● **Asento 47**

C.I.F.: P-1503600-G

(FECHA: 06/06/2019 14:57:00)

Gumersindo Pedro Galego Feal

(FECHA: 06/06/2019 13:38:00)

Estefanía Manteiga Lamas

FIRMADO POR

Versión imprimible

CVD: L1AudEhu98uiK4XigA4c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



NOME DO BEN: Local comercial núm. 3 en "O Castro"
ENDEREZO: rúa do Castro, 9
DATA DA ALTA: 06/04/2017
NATUREZA: URBANA
NATUREZA DO DOMINIO: patrimonial
ADQUISICIÓN, TÍTULO: escritura núm. 110 do 30.01.2002 de segregación e permuta
PLANOS DO INVENTARIO Nº: 24
REFERENCIA CATASTRAL.
REXISTRO DA PROPIEDAD DE PONTEDEUME: Tomo 576 Libro 113 Folio 171 Finca 12161 Inscripción 2ª
LINDES:
DIANTEIRO/NORTE: rúa de nove metros de ancho
TRASEIRO/SUR: parede de peche do local
DEREITO/LESTE: local del centro de transformación, parede de peche deste local que en parte separa da rampla de acceso ao sótano
ESQUERDO/OESTE: local comercial núm. 2
SUPERF. CONST.: 234,19 m2
SUPERF. PARCELA/VIAL: 234,19 m2
VALOR: 62.145,17 €
HISTORIA/CARACTERÍSTICAS/DESCRICIÓN:
O local ten como anexo inseparable e vinculado a praza de garaxe-aparcamento ubicada no sótano, sinalada como P-3 LOCAL COMERCIAL 3.

O asento causa baixa por permuta co IGVS autorizada en escritura pública núm. 681 do 04.10.2017 ante o notario de Fene Luis Bosch Segura.

c) Introducir un novo asento 48:

Asento 48:

NOME DO BEN: Local núm. 1A en "O Castro"
ENDEREZO: rúa do Castro, 9
DATA DA ALTA: (consignarase a data do Pleno no que se dea de alta)
NATUREZA: URBANA
NATUREZA DO DOMINIO: patrimonial
ADQUISICIÓN, TÍTULO: escritura núm. 681 do 04.10.2017 de permuta
PLANOS DO INVENTARIO Nº: 24
REFERENCIA CATASTRAL: 7139302NJ617450032PK
REXISTRO DA PROPIEDAD DE PONTEDEUME: Tomo 1177 Libro 235 Folio 218 Finca 17089 Inscripción 2ª
LINDES:
DIANTEIRO/NORTE: rúa da Igrexa e portal núm. 1
TRASEIRO/SUR: portal núm. 1 e resto da finca matriz



DEREITO/LESTE: portal núm. 1 e resto da finca matriz

ESQUERDO/OESTE: portal núm. 1 e resto da finca matriz

SUPERF. CONST.: 234,19 m2

SUPERF. PARCELA/VIAL: 234,19 m2

VALOR: 49.423,46 € *(valor de mercado informe do IGVS do 25.11.2016)

HISTORIA/CARACTERÍSTICAS/DESCRICIÓN:

O local foi adquirido mediante permuta co local 3 ao IGVS formalizada en escritura pública núm. 681 do 04.10.2017 outorgada ante o notario de Fene Luis Bosch Segura.

CONCLUSIÓN: Infórmase favorablemente a rectificación do inventario municipal nos termos expostos neste informe.

O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

Este é o informe que se emite sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito.”

En base ao que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-Rectificar o asento núm. 38 **Epígrafe 1º Bens Inmables, Grupo 1 do seguinte xeito:**

● **Asento 38:**

NOME DO BEN: Local núm. 1 en “O Castro”

NATUREZA DO DOMINIO: patrimonial

ADQUISICIÓN, TÍTULO: escritura núm. 905 de cesión gratuíta de 08.11.1994

SUPERF. CONST.: 83,03 m2

SUPERF. PARCELA/VIAL: 83,03 m2

VALOR: 40.513,65 €

HISTORIA/CARACTERÍSTICAS/DESCRICIÓN:

O local contaba inicialmente con 317,22 m2. Mediante escritura núm. 110 do 30.01.2002 procedeuse á segregación deste local en 2: o local 1-A con 234,19 m2 e o local 1 con 83,03 m2.

O local 1A foi permutado polo local núm. 3 de 234,19 m2 propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo na mesma escritura núm. 110 do 30.01.2002.

Posteriormente en escritura pública núm. 681 do 04.10.2017 o local 3 foi permutado co Instituto Galego da Vivenda e Solo polo local 1A.

SEGUNDO.-Dar de baixa o asento 47 do Epígrafe 1º Bens Inmables, Grupo 1 por terse permutado co IGVS, deixando constancia da baixa no inventario como segue:

● **Asento 47**

NOME DO BEN: Local comercial núm. 3 en “O Castro”

ENDEREZO: rúa do Castro, 9

DATA DA ALTA: 06/04/2017

NATUREZA: URBANA

NATUREZA DO DOMINIO: patrimonial

ADQUISICIÓN, TÍTULO: escritura núm. 110 do 30.01.2002 de segregación e permuta

C.I.F.: P-1503600-G

(FECHA: 06/06/2019 14:57:00)

Gumersindo Pedro Galego Feal

(FECHA: 06/06/2019 13:38:00)

Estefanía Manteiga Lamas

Versión imprimible

CVD: L1AudEhu98uik4XigA4c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



PLANOS DO INVENTARIO Nº: 24

REFERENCIA CATASTRAL.

REXISTRO DA PROPIEDAD DE PONTEDEUME: Tomo 576 Libro 113 Folio 171 Finca 12161 Inscripción 2ª

LINDES:

DIANTEIRO/NORTE: rúa de nove metros de ancho

TRASEIRO/SUR: parede de peche do local

DEREITO/LESTE: local del centro de transformación, parede de peche deste local que en parte separa da rampla de acceso ao sótano

ESQUERDO/OESTE: local comercial núm. 2

SUPERF. CONST.: 234,19 m2

SUPERF. PARCELA/VIAL: 234,19 m2

VALOR: 62.145,17 €

HISTORIA/CARACTERÍSTICAS/DESCRICIÓN:

O local ten como anexo inseparable e vinculado a praza de garaxe-aparcamento ubicada no sótano, sinalada como P-3 LOCAL COMERCIAL 3.

O asento causa baixa por permuta co IGVS autorizada en escritura pública núm. 681 do 04.10.2017 ante o notario de Fene Luis Bosch Segura.

TERCEIRO.-Dar de alta o asento 48 no Epígrafe 1º Bens Inmubles, Grupo 1 do seguinte teor:

Asento 48:

NOME DO BEN: Local núm. 1A en "O Castro"

ENDEREZO: rúa do Castro, 9

DATA DA ALTA: (consignarase a data do Pleno no que se dea de alta)

NATUREZA: URBANA

NATUREZA DO DOMINIO: patrimonial

ADQUISICIÓN, TÍTULO: escritura núm. 681 do 04.10.2017 de permuta

PLANOS DO INVENTARIO Nº: 24

REFERENCIA CATASTRAL: 7139302NJ6174S0032PK

REXISTRO DA PROPIEDAD DE PONTEDEUME: Tomo 1177 Libro 235 Folio 218 Finca 17089 Inscripción 2ª

LINDES:

DIANTEIRO/NORTE: rúa da Igrexa e portal núm. 1

TRASEIRO/SUR: portal núm. 1 e resto da finca matriz

DEREITO/LESTE: portal núm. 1 e resto da finca matriz

ESQUERDO/OESTE: portal núm. 1 e resto da finca matriz

SUPERF. CONST.: 234,19 m2

SUPERF. PARCELA/VIAL: 234,19 m2

VALOR: 49.423,46 € *(valor de mercado informe do IGVS do 25.11.2016)

C.I.F.: P-1503600-G



HISTORIA/CARACTERÍSTICAS/DESCRICIÓN:

O local foi adquirido mediante permuta co local 3 ao IGVS formalizada en escritura pública núm. 681 do 04.10.2017 outorgada ante o notario de Fene Luis Bosch Segura.

Asinado dixitalmente polo Alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.”

O voceiro do BNG, Juventino Trigo, anuncia que votarán a favor dado que é un expediente preparado polo anterior goberno, e supón que xa a concelleira aclararía as dúbidas que tiña na comisión sobre datas, escrituras, rexistro. Engade que había requirimentos da Xunta ao respecto sen atender desde o 2010 que foron atendidos polo anterior goberno en 2016.

O voceiro do grupo Socialista, Antón Noceda, anuncia que votarán a favor por ter sido iniciativa do concelleiro Joaquín Ayala cando era concelleiro de servizos sociais. Lamenta que dous anos despois se sigan aclarando cousas, corrixindo o expediente, etc. Agardan que sexa a última vez e que por fin se poida terminar o expediente.

O alcalde, Gumersindo Galego, aclara que esta proposta non deriva de ningún erro, senón que é unha rectificación do inventario municipal como consecuencia da permuta de locais realizada coa Xunta de Galicia, co que hai que dar de baixa o local que antes era do Concello para dar de alta o local que permutaron coa Xunta, e que corresponde facela para despois poder asinar o convenio con ASPANEPS.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.-Rectificar o asento núm. 38 Epígrafe 1º Bens Inmobles, Grupo 1 do seguinte xeito:

● **Asento 38:**

NOME DO BEN: Local núm. 1 en “O Castro”

NATUREZA DO DOMINIO: patrimonial

ADQUISICIÓN, TÍTULO: escritura núm. 905 de cesión gratuíta de 08.11.1994

SUPERF. CONST.: 83,03 m2

SUPERF. PARCELA/VIAL: 83,03 m2

VALOR: 40.513,65 €

HISTORIA/CARACTERÍSTICAS/DESCRICIÓN:

O local contaba inicialmente con 317,22 m2. Mediante escritura núm. 110 do 30.01.2002 procedeuse á segregación deste local en 2: o local 1-A con 234,19 m2 e o local 1 con 83,03 m2.

O local 1A foi permutado polo local núm. 3 de 234,19 m2 propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo na mesma escritura núm. 110 do 30.01.2002.

Posteriormente en escritura pública núm. 681 do 04.10.2017 o local 3 foi permutado co Instituto Galego da Vivenda e Solo polo local 1A.

SEGUNDO.-Dar de baixa o asento 47 do Epígrafe 1º Bens Inmobles, Grupo 1 por terse permutado co IGVS, deixando constancia da baixa no inventario como segue:

● **Asento 47**

C.I.F.: P-1503600-G

(FECHA: 06/06/2019 14:57:00)

Gumersindo Pedro Galego Feal

(FECHA: 06/06/2019 13:38:00)

Estefanía Manteiga Lamas

Versión imprimible

CVD: L1AudEhu98uiK4XigA4c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



NOME DO BEN: Local comercial núm. 3 en “O Castro”

ENDEREZO: rúa do Castro, 9

DATA DA ALTA: 06/04/2017

NATUREZA: URBANA

NATUREZA DO DOMINIO: patrimonial

ADQUISICIÓN, TÍTULO: escritura núm. 110 do 30.01.2002 de segregación e permuta

PLANOS DO INVENTARIO Nº: 24

REFERENCIA CATASTRAL.

REXISTRO DA PROPIEDAD DE PONTEDEUME: Tomo 576 Libro 113 Folio 171 Finca 12161
Inscripción 2ª

LINDES:

DIANTEIRO/NORTE: rúa de nove metros de ancho

TRASEIRO/SUR: parede de peche do local

DEREITO/LESTE: local del centro de transformación, parede de peche deste local que en parte separa da rampla de acceso ao sótano

ESQUERDO/OESTE: local comercial núm. 2

SUPERF. CONST.: 234,19 m2

SUPERF. PARCELA/VIAL: 234,19 m2

VALOR: 62.145,17 €

HISTORIA/CARACTERÍSTICAS/DESCRIPCIÓN:

O local ten como anexo inseparable e vinculado a praza de garaxe-aparcamento ubicada no sótano, sinalada como P-3 LOCAL COMERCIAL 3.

O asento causa baixa por permuta co IGVS autorizada en escritura pública núm. 681 do 04.10.2017 ante o notario de Fene Luis Bosch Segura.

TERCEIRO.-Dar de alta o asento 48 no Epígrafe 1º Bens Inmobles, Grupo 1 do seguinte teor:

Asento 48:

NOME DO BEN: Local núm. 1A en “O Castro”

ENDEREZO: rúa do Castro, 9

DATA DA ALTA: (consignarase a data do Pleno no que se dea de alta)

NATUREZA: URBANA

NATUREZA DO DOMINIO: patrimonial

ADQUISICIÓN, TÍTULO: escritura núm. 681 do 04.10.2017 de permuta

PLANOS DO INVENTARIO Nº: 24

REFERENCIA CATASTRAL: 7139302NJ6174S0032PK

REXISTRO DA PROPIEDAD DE PONTEDEUME: Tomo 1177 Libro 235 Folio 218 Finca 17089
Inscripción 2ª

LINDES:

DIANTEIRO/NORTE: rúa da Igrexa e portal núm. 1

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: L1AudEhu98uiK4XigA4c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

(FECHA: 06/06/2019 14:57:00)

Gumersindo Pedro Galego Feal

(FECHA: 06/06/2019 13:38:00)

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas

Versión imprimible



TRASEIRO/SUR: portal núm. 1 e resto da finca matriz

DEREITO/LESTE: portal núm. 1 e resto da finca matriz

ESQUERDO/OESTE: portal núm. 1 e resto da finca matriz

SUPERF. CONST.: 234,19 m2

SUPERF. PARCELA/VIAL: 234,19 m2

VALOR: 49.423,46 € *(valor de mercado informe do IGVS do 25.11.2016)

HISTORIA/CARACTERÍSTICAS/DESCRIPCIÓN:

O local foi adquirido mediante permuta co local 3 ao IGVS formalizada en escritura pública núm. 681 do 04.10.2017 outorgada ante o notario de Fene Luis Bosch Segura.

4. Aprobación, se procede, do expediente de modificación de crédito núm 14/2018, subexpediente núm.3/2018 de suplemento de crédito

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 23.07.2018 pola unanimidade de todos os seus membros:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de modificación de créditos 14/2018, subexpediente 3/2018 de suplemento de créditos, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia adxunta ó expediente, expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos 14/2018, subexpediente 3/2018 de suplemento de créditos, financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por un importe total de 806.020,48 euros co seguinte detalle:

Aplicacións orzamentarias incrementadas polo suplemento de crédito:

OBRA	IMPORTE TOTAL	IMPORTE FINANCIADO CON REMANENTE	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS
REFORMA FIRME RUA PORTO DO RIO	30.000€	30.000€	1532/61900
CUBRICIÓN DEPORTIVA PISTA	373.450,14€	373.450,14€	342/63200
AMORTIZACIÓN PRÉSTAMOS	402.570,34	402.570,34	011/91309 por 222.442,42€ 011/91311 por 180.127,92€

Medios de financiación do gasto.-



Proponse que a financiación se realice con cargo AO remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de:

Aplicación: económica	Descrición	Euros
870.00	Remanente Líquido de Tesorería	806.020,48 €
	TOTAL INGRESOS	806.020,48 €

2º.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Asinado polo alcalde, Gumersindo Pedro Galego Feal, en Fene o 17 de xullo de 2018 “

A concelleira de Facenda, Rocío Bértoa, explica que a proposta de modificación é para asumir unha serie de obras dado que, no orzamento vixente, non existe crédito suficiente para afrontalas, e son o asfaltado do Camiño Porto do Río, 30.000 euros, e a cubrición da pista polideportiva do colexio Centieiras por un valor de 373.450,14 euros, e a amortización dunha débeda bancaria de 402.570,34 euros, de préstamos contraídos antes de 2007. Engade que a amortización suporá que o Concello quede con débeda cero e as contas totalmente saneadas.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, sinala que preferirían que viñeran por separado o punto das obras do da amortización do préstamo. Considera que queda claro que os 373.000 da cubrición da pista non están no novo orzamento recentemente aprobado, como recolleu a prensa nestes días. Pregunta á concelleira de Facenda se ten constancia de posibles penalizacións pola amortización do préstamo e se sabe a canto ascende o importe delas. Anuncia o voto a favor do seu grupo.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, anuncia o voto a favor dado que a o proxecto da obra de Porto do Río foi elaborado cando el era concelleiro de Obras. Sobre a cubrición da pista do colexio Centieiras, lembra que cando era concelleira de educación en 2015 a súa compañeira socialista Amalia Balado acordouse que sería a Xefatura Provincial de Educación a que se encargaría do proxecto naquela anualidade e faríase a obra na seguinte, pero que o seu grupo tamén apoiou posteriormente que se fixera con cargo ao Concello porque entenderon que era unha obra moi necesaria e urxente. Sobre a amortización da débeda, lembra que nos últimos anos todos os grupos amosáronse partidarios da aprobación dos POS+ da Deputación, que obrigaban a amortizacións anticipadas como condición para o financiamento. Di que neste caso están na situación de que, para poder acceder ao remanente de crédito, hai que facer unha amortización da débeda, e lles parece idéntico criterio ao que veu mantendo a corporación, e aínda máis xustificado, dado que se trata de que os cartos non queden parados no banco, liberando a favor dos veciños un remanente de en torno a 2 millóns de euros pagando unha débeda de 300 e pico mil.

A concelleira de Facenda, Rocío Bértoa, resposta ao voceiro do BNG, Juventino Trigo, remitíndose á explicación do voceiro do grupo Socialista e ao propio expediente, que se trata dunha obriga establecida por Lei, que hai que amortizar a débeda sempre que non supere o superávit para poder dispor dos cartos do remanente. Engade a amortización dos préstamos con administracións sempre é a custo cero. Di que a tesourería aínda non lle deu tempo a miralo, pero imaxina que os compañeiros de viaxe do voceiro do grupo do BNG, cando subscribiron este préstamo, faríano a custo de amortización cero como facían todas as administracións. Afirmo que a idea do goberno e seguir



traendo a Pleno máis modificacións de crédito para poder facer máis obras ao longo do que queda de legislatura para poder asumir os compromisos adquiridos cos veciños. Sobre o recollido en prensa, di que non sabe a que se refire, que xa lle respostou no pleno de aprobación de orzamentos que as partidas de investimento en instalacións deportivas ían destinarse á reparación da cuberta do Pavillón da Xunqueira e que en ningún momento nomeou o pavillón de Centieiras. Roga que lle pase unha copia do que saíu en prensa.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, reitera que por iso lle sorprendeu o que saíu en prensa. Por outra banda, di que lle preocupa que cando o seu goberno mirou de amortizar a débeda, tesourería lles informou de que un dos préstamos estaba ligado a un produto financeiro, e que podería ter penalización, polo que volve preguntar. Ademais, sinala que os préstamos non foron contraídos antes de 2007, como afirmaba a concelleira, senón que as datas de contratación co BBVA son, un deles, do 20.11.2008, e o outro, do 14.12.2010.

O alcalde, Gumersindo Galego, di que, sexa como sexa, se queren acceder ao superávit do Concello é preciso amortizar a débeda, e que se esta amortización conleva o pagamento dalgunha penalización, este goberno vaina pagar e punto, parézalle ben ou mal ao voceiro do grupo do BNG.

O voceiro do BNG engade que o feito de que exista e se poida acceder a ese remanente tamén ten que ver con que se cumpriron todos os parámetros que había que cumprir, e que o anterior goberno do PP incumpria reiteradamente, enganando a este Pleno en varias ocasións dicindo que a Xunta nunca lles esixira nada, e di que pode traer os documentos que o Sr. Galego sempre ocultou. Explica que, sobre as penalizacións, só pregunta se se teñen en conta, e que se é así, pode que a este expediente lle falte unha parte, e non para que o alcalde saia por onde lle dá a gana.

O alcalde, Gumersindo Galego, di que sae por onde lle dá a gana porque iso non vén a conto, e sinala que do remanente de 2 millóns de euros, o Sr. Trigo xa tiña nas arcas cando chegou ao goberno 1,6 millóns. Convídoo a deixarse de tonterías e a votar o expediente se lle gusta ou a non votalo se non lle gusta.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos 14/2018, subexpediente 3/2018 de suplemento de créditos, financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por un importe total de 806.020,48 euros co seguinte detalle:

Aplicacións orzamentarias incrementadas polo suplemento de crédito:

C.I.F.: P-1503600-G

(FECHA: 06/06/2019 14:57:00)

Gumersindo Pedro Galego Feal

(FECHA: 06/06/2019 13:38:00)

Estefanía Manteiga Lamas

Estefanía Manteiga Lamas
Versión imprimible

CVD: L1AudEhu98uiK4XIgA4c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



OBRA	IMPORTE TOTAL	IMPORTE FINANCIADO REMANENTE	CON APLICACIONES ORZAMENTARIAS
REFORMA FIRME RUA PORTO DO RIO	30.000€	30.000€	1532/61900
CUBRICIÓN PISTA DEPORTIVA	373.450,14€	373.450,14€	342/63200
AMORTIZACIÓN PRÉSTAMOS	402.570,34	402.570,34	011/91309 por 222.442,42€ 011/91311 por 180.127,92€

Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice con cargo AO remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de:

Aplicación: económica	Descripción	Euros
870.00	Remanente Líquido de Tesorería	806.020,48 €
	TOTAL INGRESOS	806.020,48 €

2º.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

5. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG sobre a situación da empresa Motorkar ante o anuncio do seu ERE extintivo e peche

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía do 29.01.2018 que quedou introducida na orde do día logo de se ratificar a súa introdución por unanimidade, acordándose por consenso de todos os grupos municipais que a moción sexa asumida por todos os grupos políticos:

“INICIATIVA SOBRE A SITUACIÓN DA EMPRESA MOTORKAR ANTE O ANUNCIO DO SEU ERE EXTINTIVO E PECHÉ

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 26 de xuño coñeceu publicamente a intención da compañía Motorkar, concesionario oficial de Opel para a zona de Ferrolterra, Eume e Ortegá, con instalacións nos concellos de Cabanas e Ferrol, de cesar a súa actividade e presentar un concurso de acreedores.

O peche de Motorkar, ademais de continuar unha preocupante tendencia no sector no noso concello e na comarca de Ferrolterra, que sofre unha crise continuada, pon de relevo o dano creado por unha xestión empresarial que non se pode calificar doutro modo que como temeraria, e que deixa un ronsel de afectadas:



- Por unha banda, as 22 persoas traballadoras da empresa, que levan varios meses sen cobrar e que agora serán o obxecto dun Expediente de Regulación de Emprego extintivo que suporá o seu despedimento.
- Doutra, as máis de 40 clientas do concesionario que adiantaron ou comezaron a realizar os pagos de automóviles polos que nalgúns casos chegaron a depositar até 28.000 euros e que agora Motorkar négase a entregar, a pesar de, nalgúns casos, os ter xa no seu poder, pois non ten fondos para os matricular.
- Por último, toda a clientela das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, que agora terán o servizo oficial máis próximo en Betanzos, tendo que realizar desprazamentos moito maiores do que até o de agora.

As dificultades económicas da empresa eran coñecidas polos seus xestores desde hai máis dun ano, o período que Motorkar leva dilatando a matriculación dos automóviles das persoas que levan máis tempo sendo afectadas, e mentres tanto non fixo nada por evitalo, senón que continuou a súa actividade deixando de pagar aos traballadores e aumentando número de persoas afectadas ao vender automóviles sabendo que nunca os podería entregar.

Por último, cabe destacar o papel da Opel e da súa financeira Cetelem, que non se corresponsabilizan do ocorrido e que poderían retirar os automóviles das persoas afectadas das instalacións de Motorkar para cobrar os créditos pendentes destas.

Por estas razóns, sométese a debate e aprobación polo Pleno do Concello de Fene esta iniciativa proponendo a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Instar ao Goberno galego a que tome todas as medidas necesarias para dar solución satisfactoria ao persoal de Motorkar, de forma que cobre os salarios adebedados na súa integridade.
2. Instar ao Instituto Galego de Consumo a iniciar a correspondente investigación para acelerar a entrega dos automóviles ou a devolución das cantidades adiantadas ás persoas clientas afectadas
3. Instar á compañía Opel a corresponsabilizarse da situación e colaborar na súa solución satisfactoria."

Intervén o voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, para aclarar que van votar a favor da moción dado que o día 23, ao remate da comisión de Facenda, é o voceiro do grupo socialista quen propón aos grupos políticos da corporación que presentaran unha iniciativa conxunta sobre esta cuestión á vista que xa se estaba a facer nalgún outro concello, como Cabanas. Continúa dicindo que o martes 24, na reunión de todos os grupos, os do grupo socialista entenderon que todos os demais asentían, e que o mesmo día o Bloque fai chegar o texto dunha moción, ao que contestan o día 26 que lles pode valer perfectamente, e que lles emprazan á xunta de voceiros para facer a moción conxunta. Engade que o problema que están a sufrir os traballadores desta entidade merece que este Pleno lles dea un apoio unánime.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

- 1. Instar ao Goberno galego a que tome todas as medidas necesarias para dar solución satisfactoria ao persoal de Motorkar, de forma que cobre os salarios adebedados na súa integridade.**
- 2. Instar ao Instituto Galego de Consumo a iniciar a correspondente investigación para acelerar a entrega dos automóviles ou a devolución das cantidades adiantadas ás persoas clientas afectadas**

C.I.F.: P-1503600-G

(FECHA: 06/06/2019 14:57:00)

Gumersindo Pedro Galego Feal

(FECHA: 06/06/2019 13:38:00)

Estefanía Manteiga Lamas

Versión imprimible

CVD: L1AudEhu98uiK4XigA4c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



3. Instar á compañía Opel a corresponsabilizarse da situación e colaborar na súa solución satisfactoria.

6. Mocions urxentes

O alcalde presenta a seguinte proposta urxente xustificando a urxencia na necesidade de facer a publicación no BOP, a cal é incorporada á orde do día, unha vez que é ratificada a súa urxencia por unanimidade:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

O Pleno do Concello adoptou na súa sesión extraordinaria do 30.07.2018 no seu punto 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE FENE PARA O EXERCICIO 2018.

Por parte do departamento de secretaria detéctase a existencia dun erro material no punto sexto da proposta asinada o 17 de xullo.

Tendo en conta o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas (B.O.E. nº 236 de 2 de outubro de 2015), no que se recolle “2.- *Las Administraciones Públicas, podrá,, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos*”, esta Alcaldía eleva ó Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo:

Proceder a rectificar o acordo tomado pola Pleno do Concello adoptou na súa sesión extraordinaria do 30.07.2018 no seu punto sexto, onde di:

“SEXTO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2018, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.-”

Debe dicir:

“SEXTO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2018, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.-”

Asinado en Fene a 31 de xullo de 2018 polo alcalde, Gumersindo Pedro Galego Feal.”

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Proceder a rectificar o acordo tomado pola Pleno do Concello adoptou na súa sesión extraordinaria do 30.07.2018 no seu punto sexto, onde di:

“SEXTO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2018, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.-”

Debe dicir:

“SEXTO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2018, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.-”

7. Rogos e preguntas

C.I.F.: P-1503600-G

(FECHA: 06/06/2019 14:57:00)

Gumersindo Pedro Galego Feal

(FECHA: 06/06/2019 13:38:00)

Estefanía Manteiga Lamas

Estefanía Manteiga Lamas
Versión imprimible

CVD: L1AudEhu98uiK4XigA4c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



O voceiro do BNG, Juventino Trigo, agradece a todo o Pleno que agora se cumpra toda a normativa con normalidade, dado que se acaban de aprobar dúas actas xuntas sen votar, o cal hai catro meses era un escándalo. Di que sempre se fixo igual e se segue a facer igual. Roga que se tomen medidas por parte de quen corresponda para os traballos que se desenvolven no Concello teñan un mínimo de organización, evitando así o despilfarro bestial que se está a dar nestes últimos catro meses. Engade que, dado que é a cuarta vez que formula este rogo, vai poñer exemplos. Di que hai tres semanas que o goberno se congratulaba en prensa porque acababa de investir case 3.000 euros en acondicionar un aparcamento en San Valentín, e agora resulta que ese mesmo aparcamento está levantado por unha obra programada que tiña que empezar a executarse. En Barallobre di que ocorre algo parecido coa pista de atletismo, na que hai un proxecto de obra de aparcamento para o instituto, que non se tivo en conta cando se fixo a obra da pista. Di que na limpeza do Río Cádavo gastou o goberno 8.000 euros cun camión e un cazo e escasamente 100 metros, e que o ano pasado fíxose a limpeza a man, custou 5.700 euros e se limpou máis treito. Engade que hoxe segue sen estar limpa a parte baixa do río en Perlío. Por outra banda, indica que non se lle consultou a ninguén o regulamento do Consello Municipal de Deportes, e que xa está publicado desde hai días na web do Concello.

O alcalde pregunta para que está publicado.

O Sr. Trigo di que antes de publicalo o normal sería consultar, cando menos, ás entidades implicadas. Tamén indica que a Rúa Alta aínda está sen pintar e sen sinalizar, e que co tempo que fixo se podería ter pintado. Roga que a limpeza das praias se faga cando se ten que facer, e informa que no día de hoxe entrou unha pala á mediodía en Río Sandeo, sobre as 12 da mañá, coa praia chea de xente. Informa tamén que levan 4 meses sen recoller os voluminosos os mércores, que é o día establecido. Sobre os actos da semana da Patria Galega, indica que a rúa co Concello estivo sen cortar un día e sen sacar os vehículos estacionados outro día, cos problemas que iso conleva. Con todo isto, roga ao goberno que se organice.

Por outra banda, o voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, roga que se informe na correspondente comisión das dedicacións parciais que se outorgan aos concelleiros ou concelleiras. Di que é normal que se cobre, pero parece que se está tentado ocultar.

Ademais, expresa o seu malestar, o do seu grupo e o de case todas as persoas que interviñeron no traballo cultural do ano 2017 porque o novo alcalde dedicouse a ir á imprenta deputación a modificar textos e folletos censurando os que había anteriormente.

O alcalde, Gumersindo Galego, di que el non foi á Deputación a nada, e que non sexa mentiroso o voceiro do grupo do BNG.

O Sr. Trigo pregunta se non é certo que se cambiou o prólogo do libro de Guillermo Llorca escrito por el mesmo, que estaba xa na imprenta, e que uns días despois da moción se censura chamouse á Deputación e cambiouse por un asinado polo novo alcalde. Afirmar que non foi ese só, senón algún máis, como o libro de Pérez Porto, e que parece que se tentan apropiarse de traballos que fixeron outros. Engade que non é un malestar só del, e convida ao alcalde a que pregunte ás persoas que interviron nestes traballos. Pregunta que, se non foi o alcalde como acaba de dicir, quen foi o que ordenou estes cambios.

Por outra banda, indica que comprobaron que a maior parte das facturas están reparadas con efectos suspensivos, e que isto non ocorreu nos últimos anos nunca ou case nunca cando se trataba de contratacións novas, porque o anterior goberno se encargaba de pedir orzamentos a varias empresas e de facer a retención de crédito correspondente para que factura non estivera reparada.

O alcalde di que nin pagada.

O Sr. Trigo di que o alcalde está mentindo e o sabe, e que nunca pagou este Concello coma nos últimos anos do goberno anterior. Convida a todo o mundo a entrar na páxina do Ministerio de Facenda e comprobalo. Pregunta se teñen pensado revertir a situación das facturas reparadas con efectos suspensivos e voltar á senda anterior, ou se van seguir contratando a dedo, sen retención de crédito e sen pedir orzamentos.

A concelleira de Facenda, Rocío Bértoa, resposta a voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, que parece mentira que fose o anterior alcalde e concelleiro de Facenda, posto que sabe que en marzo de 2018 cambiou a Lei de contratos, e as facturas que estaban reparadas cando gobernaba el eran pola inexistencia de contratos, pero que agora se reparan por outras circunstancias, ás veces tamén polo



fraccionamento. Afirmar que cando el era alcalde non existía limitación de contratos de servizos a 15.000 euros dúas veces coa mesma empresa, nin a 40.000 unha vez, e que van informadas desfavorablemente como ían as del noutras circunstancias. Engade que cando o Sr. Trigo chegou á alcaldía tiña as instalacións deportivas con contrato, que agora deixou caducar e que volven estar sen el, que tiña o catastro con contrato, e o tivo que renovar, a axuda no fogar tiña unha empresa a dedo cando chegou o PP da vez anterior, deixou o contrato feito e o goberno anterior só o tivo que renovar. E en canto ao contrato de limpeza dos colexios, di que o goberno 2011-2015 quixo traelo ao Pleno e o grupo do BNG votou en contra xunto con aqueles señores e aquela señora que ten alí. Di ao voceiro do grupo do BNG que non se preocupe, que nos meses que levan están tentando recuperar a senda do anterior goberno do PP, e que a declaración trimestral vai vir máis baixa - menos días- no segundo semestre de 2018 que a do goberno BNG- EU do terceiro trimestre de 2017.

O concelleiro de Deportes, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, afirma que o regulamento do Consello Municipal de Deportes foi presentado cando o Sr. Trigo era alcalde e el concelleiro de Deportes do seu goberno, e que tal cal está agora na páxina web estivo en Secretaría meses e meses, e o único que tiñan pendente de facer era o ordenamento técnico por parte de Secretaría. Engade que o Sr. Trigo non aceptaba este Consello porque está pensado para ser un instrumento de participación da cidadanía de Fene nas actividades deportivas.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, cre que a nova Lei de contratos colleu co pé cambiado a moitas institucións, pero que lle gustaría escoitar que medidas extraordinarias ou de reforzo vai tomar o departamento de servizos económicos para que o Concello poida saltar este novo listón que pon a nova Lei de contratos, e que non pode ser que sirva como desculpa para xustificar máis reparos nas facturas. Sobre a obra dos aparcamentos de Barallobre, di que xa faláron co concelleiro de Deportes pero que teñen que insistir no rogo de que se solucione o problema de seguridade na zona dos institutos, e que as obras da pista de atletismo non sexan un condicionante para o retraso. Informa que en agosto de 2016 só quedaba enviar o proxecto á Deputación para que o executase, e que xa levan dous anos de retraso cun tema que entenden prioritario. Explica que entenden que os dous proxectos que comparten espazos colindantes poden ser compatibles, pero roga que os técnicos municipais comprobén que o aparcamento de autobuses sexa compatible coa pista de atletismo tal e como está definida, e que no caso de que non o sexan que se reforme o proxecto, e que se non fora posible se busque unha solución de inmediato. Cre que o que non pode ser que un proxecto que xa vai con retraso porque houbo quen non espabilou no seu momento, e que ten un compromiso de financiamento do actual presidente da Deputación expresado publicamente na súa visita a este Concello, se perda. O Sr. Noceda, por outra banda, pregunta sobre o elevado custo do arranxo da caseta do Cádavo e indica que lle gustaría resposta por escrito ou en Comisión, explicando que lles parecía unha obra necesaria. Pregunta polos retrasos que seguen constatando nalgúns zonas na recollida de voluminosos. Ademais, aclara a súa postura sobre a cuestión da aprobación das actas, indicando que o seu grupo fixo neste pleno exactamente igual que no que se discutía, isto é, non participar, e non pola votación, que cren que é cuestionable, senón porque naquel momento tiñan presentada unha moción que se impediu que se debatiera para apartar o punto da orde do día. Engade que tiñan razón e que se a maioría do Pleno o acorda se ten que deixar sobre a mesa o punto que sexa. Refírese ao voceiro grupo do BNG, Juventino Trigo, e ao principio da súa intervención afirmando que non sabe a que se refería e que ao mellor as cousas non son como el soña. E sobre a afirmación do Sr. Trigo de que o actual goberno acostuma a aproveitarse do traballo que deixaron realizado os outros, exclama que lle soa esa historia.

O alcalde, Gumersindo Galego, di que a el tamén lle soa.

A concelleira de Facenda, Rocío Bértoa, sobre os reparos das facturas, aclara que a reforma da Lei non foi unha escusa senón a resposta e explicación á pregunta do voceiro do grupo do BNG. Sobre as medidas a adoptar polo departamento, di que pasan pola regularización da situación a través da contratación pública como se fixo no período 2011-2015, e reconece que en moitos casos vai ser moi difícil, como no caso das facturas de Fenosa e outros.

O concelleiro de Deportes, Xoán Manuel Bastida, sobre as obras no contorno do instituto, resposta que comparte a inxenuidade do grupo socialista e que precisamente esta mañá estivo falando cos técnicos para facer un estudo para poder compatibilizar as dúas cousas, dándolle a máxima urxencia para ser presentado.

O concelleiro de Servizos, Andrés Serantes, sobre o custo da obra da caseta do Parque do Cádavo, di que responderá por escrito porque non sabe as cifras, pero sabe que o que se fixo foi cambiar o tellado e bernizar por completo. E con respecto á recollida de voluminosos informa que onte mantiveron unha reunión co responsable da empresa e que a día de hoxe téñeno subcontratado e se está recollendo perfectamente.



A voceira do grupo mixto, M^a Carmen Martínez, pregunta polo premio literario que se tería que convocar no mes de agosto sobre o alcalde fusilado no franquismo Ramón Souto. Pregunta sobre o estado das peticións de documentación feitas por EU, especialmente sobre o tema das facturas, e engade que non quixera ter que solicitálas a través do Xulgado; lembra que teñen 5 días para responder e engade que non esixe que sexa en 5 días, pero que 4 meses considera que é tempo máis que suficiente, sobre todo cando eles bramaron desde a oposición pola transparencia. A Sra. Martínez pregunta por que hai facturas que demostran que o alcalde foi á Deputación cando di que non foi a nada.

O alcalde aclara que non foi á imprenta da Deputación.

A Sra. Martínez retira a pregunta. A voceira do grupo mixto continúa e fai un rogo con respecto ao Día da Patria: que lles pase unha copia do Himno Galego, cando menos, aos concelleiros/as que estaban co alcalde ese día, dado que considera unha vergoña que nun acto oficial do Concello conmemorando o día da Patria, o grupo de goberno non saiba, ou non manifeste saber, o Himno Galego. Sobre o regulamento do Consello Municipal de Deportes, pregunta ao concelleiro de Deportes que dixo que estaba presentado, a quen llo presentou, e engade que a EU non, nin antes nin agora, e que non sabe se sería ás mesmas entidades ás que presentou os orzamentos. Diríxese á concelleira do PP, Rocío Bértoa, para preguntarlle a quen se refería cando lle falou ao voceiro do grupo do BNG de aquela señora que ten alí.

A Sra. Bértoa pide desculpas polo xeito que tivo de dirixirse á Sra. Martínez.

O alcalde intervén e di que a Sra. Martínez está a facer unha acusación de algo que cre que ningún concelleiro do Pleno entendeu igual. Cre que son apreciacións persoais dela.

A voceira do grupo mixto aclara que o xeito de dirixirse a ela sempre é o mesmo, e que se fose un caso illado non lle chamaría a atención. Engade que o voceiro do grupo do BNG non ten aquí ningunha señora que ela saiba, e que se a ten non é ela. Roga á Sra. Bértoa que mida a súa forma de dirixirse a ela porque en todos os plenos lle ten que chamar a atención.

A Sra. Bértoa dille que a ela non, que non se confunda. Dille que chamou a atención ao alcalde por xenófobo, ao concelleiro de Somos Fene por xenófobo, e ás veces ao voceiro do grupo socialista, non sempre a ela.

A Sra. Martínez pregunta en que pleno chamou xenófobo a alguén e pide que lle traia a acta.

A Sra. Bértoa afirma que ela lle chama a atención a todo o mundo.

O alcalde diríxese á voceira do grupo mixto e dille que se alguén di “esa señora que ten ao lado”, non é un “ten” de pertenza, senón un ten de “estar”.

A Sra. Martínez di que non dixo iso.

O alcalde, Gumersindo Galego, sobre a documentación que ten pendente di que se lle facilitará, e que se lle dixo xa moitas veces que non se ía facilitar copia de todas as facturas, dado que os funcionarios deste Concello non están para facerlle copias a ela de todas as facturas todos os meses, e que se lle dixo que tiña á súa disposición nos servizos económicos os listados de facturas.

A voceira do grupo mixto di que é mentira porque estivo en Intervención antonte.

O alcalde pregúntalle se quere que vaia con ela.

A Sra. Martínez di que as sabe recoller soa e que non precisa que a leve el da man, pero que non deu as ordes onde as tiña que dar.

O alcalde di que si que as deu e pregunta se non llas facilitaron xa.

A Sra. Martínez pregunta se o alcalde está a dicir que lle minten a ela en Intervención.

O alcalde dille que cale un pouquiño que agora está respondendo el.

A Sra. Martínez abandona o pleno pedindo que conste en acta que se vai polos berros do alcalde e a falta de respecto. Acompaña os concelleiros e concelleiras do grupo do BNG.

C.I.F.: P-1503600-G

CVD: L1AudEhu98uiK4XigA4c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



O alcalde segue respostando que hai que ter en conta que non se pode pedir documentación correspondente aos períodos de responsabilidade destes concelleiros, e que unha persoa que foi responsable durante dous ou tres anos non pode pedir que se lle certifiquen os gastos que fixo ela. Engade que a conta xeral do Concello foi aprobada por este Pleno e nela aparecen detallados todos os gastos. Sobre as facturas de ir á Deputación, di que se non as ten non sabe como chegaron ao poder da voceira do grupo mixto. Sobre o Himno Galego di que cada quen canta se quere. Sobre o regulamento do Consello Municipal de Deportes, o concelleiro de Deportes non engade nada máis ao dito.

Sobre o premio Ramón Souto, a concelleira de Cultura Rocío Bértoa explica que, cando colleu a responsabilidade do departamento, non había nada preparado, e que comezarán a traballar nisto cando remate o período de vacacións do persoal.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 19.13 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.

C.I.F.: P-1503600-G

(FECHA: 06/06/2019 14:57:00)

FIRMADO POR Gumersindo Pedro Galego Feal

(FECHA: 06/06/2019 13:38:00)

Estefanía Manteiga Lamas

Versión imprimible

CVD: L1AudEhu98uiK4XIgA4c
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.